

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN



CPI DO TOURAL

Versión Abril de 2022

Índice:

1. Datos do centro.....	4
2. Planos do centro	5
1. Planta baixa	5
2. Planta alta.....	5
3. Patio do centro.....	6
3. Medios de seguridade do centro	7
1. Contra incendios	7
2. Contra roubos	7
3. En caso de accidentes.....	8
4. Evacuacións.....	8
5. Simulacros	12
6. Análise dun simulacro	12

1. Datos do centro

Código	Denominación
36013588	CPI do Toural


Enderezo		C.P.
Toural, 34		36141
Localidade	Concello	Provincia
Vilaboa	Vilaboa	Pontevedra
Teléfono	Correo electrónico	
886151766	cpi.toural@edu.xunta.es	
Páxina web		
www.edu.xunta.gal/centros/cpitoural/		

2. Planos do centro

1. Planta baixa



2. Planta alta



3. Patio do centro



3. Medios de seguridade do centro

1. Contra incendios

- Alarma centralizada:
 - 6 pulsadores na planta baixa.
 - 4 pulsadores na 1ª planta.
 - 1 pulsador no pavillón
- **Planta baixa:**
 - 4 extintores nos corredores situados en zonas estratéxicas.
 - 1 extintor en sala de caldeira de calefacción
 - 2 mangueras especiais contra incendios, unha ó lado da porta principal e outra no corredor principal da planta.
- **Planta alta:**
 - 4 extintores no corredor.
 - Alarma centralizada con 5 pulsadores na 1ª planta nas mesmas condicións que as descritas anteriormente.
 - 1 manguera especial contra incendios no corredor.
- **Pavillón:**
 - 1 extintor

Todo o material anteriormente citado está perfectamente sinalizado e visible.

2. Contra roubos

- Alarma antirroubo con detectores de infravermellos, que funciona cando, unha vez conectada, se produce algún movemento en calquera dependencia do edificio. A mencionada alarma está conectada cunha central de alarmas quen avisa das incidencias que se poidan producir.
- Dúas persianas metálicas de protección antirroubo situadas na planta superior do edificio e que contribúen a dar maior seguridade a estas zonas

3. En caso de accidentes

- 2 Botiquíns elementais na planta baixa para atención de primeiros auxilios en casos moi leves, un preto da entrada principal e un segundo en Administración.
- Outros dous na 1ª planta: un no laboratorio e outro na aula de Tecnoloxía.
- Nos casos graves o procedemento a seguir será:
 - Chamada ao 061 e traslado en ambulancia a un hospital se así o determinan os técnicos sanitarios.
 - Chamada á familia do alumno ou alumna.
 - No caso de traslado a un hospital, o alumno ou alumna será acompañado por un membro do equipo directivo ou por outra persoa no que a dirección delegue, se a familia non chegou ao centro.

4. Evacuacións

O edificio principal dispón de varias saídas ao exterior pero as de emerxencia son:

- Portas 1, 2, 3, 4 e 5 modelo “antipánico”, é dicir, as portas abren cara o exterior en canto se acciona a barra.

O pavillón dispón de catro saídas ao exterior, todas elas son portas modelo “antipánico”, é dicir, as portas abren cara o exterior en canto se acciona a barra.

As portas están debidamente sinalizadas con material apropiado.

Ademais, existen 2 escaleiras que conectan as dúas plantas: unha exterior á saída da porta 5 (saída de emerxencia do corredor da planta alta) e unha escaleira interior.

No momento que se se active a alarma do centro o procedemento a seguir será:

- 1) O profesorado que estea nunha aula, indicará ao alumnado con tranquilidade que hai que abandonar o edificio.
- 2) O alumnado levantarase e **SEN RECOLLER NADA**, dirixirase de forma ordenada cara a porta da aula.
- 3) O docente pechará as ventás mentres o alumnado fai unha ringleira **SEN SAÍR da aula**.
- 4) No momento que lles toque saír, o alumnado irá cara a saída de emerxencia que lle corresponda e o docente pechará a porta da aula ao saír. O alumnado irá nunha ringleira, pegado á parede sen correr e sen deterse.

5) Cada planta terá uns responsables que serán as persoas que fagan un percorrido para verificar a saída de todo o alumnado e de todo o persoal do centro.

- No caso da planta baixa será a persoa que ostente o cargo da xefatura de estudos de primaria coa axuda do conserxe e do administrativo:
 - O administrativo: Verificará todos os espazos do corredor de administración, incluídos os aseos
 - O conserxe: Verificará a biblioteca, a cafetería, os aseos o cuarto de material e as aulas de infantil.
 - A xefa ou xefe de estudos de primaria: Revisará o corredor de primaria incluíndo sala de profesorado.
- No caso da planta alta será a persoa que ostente o cargo da dirección do centro coa axuda da persoa da xefatura de estudos de secundaria.
 - A persoa directora revisará todo o corredor de secundaria e a aula de plástica.
 - A persoa responsable da xefatura de estudos de secundaria as aulas de informática, música, tecnoloxía, laboratorio e aseos da planta superior.

A persoa secretaria do centro controlará a distribución do alumnado na pista.

En caso de ausencia dalgunha destas persoas, a persoa responsable do centro nese momento (director/a e na súa ausencia, un dos xefes de estudos) asignará a función a algún dos docentes de garda.

6) Portas de saída segundo a situación no centro:

PLANTA ALTA	
AULA	PORTA DE SAÍDA
101	Porta 5
102	Porta 5
103	Porta 5
104	Porta 5
105	Porta 5
106	Porta 2
107	Porta 2
108	Porta 2
109 (Plástica)	Porta 2

Porta 2: É a porta principal, que vai dar ao patio cuberto

Porta 5: É a saída de emerxencia do final do corredor da planta alta

110 (Informática)	Porta 2
111 (Tecnoloxía)	Porta 2
112 (Música)	Porta 2
113 (Laboratorio)	Porta 2

PLANTA BAIXA	
AULA	PORTA DE SAÍDA
025 (zona infantil)	Porta 1
026 (zona infantil)	Porta 1
027 (Biblioteca)	Porta 1
023 (cafetería)	Porta 2
022 (conserxería)	Porta 2
001	Porta 4
002	Porta 4
003	Porta 4
004	Porta 4
005	Porta 4
006	Porta 4
007	Porta 3
008 (Aula inglés)	Porta 3
009 (Aula desdobre)	Porta 3
010 (Sala do profesorado)	Porta 3
012 (XE)	Porta 3
013 (Dirección)	Porta 3
014 (Sala de reunións)	Porta 3
015 (Secretaría)	Porta 3
016 (PT primaria)	Porta 3
017 (PT secundaria)	Porta 3
018 (AL)	Porta 3
019 (Aula convivencia)	Porta 3
020 (Orientación)	Porta 3
028 (Aula desdobre)	Porta 3

Porta 1: É a porta de infantil.
Porta 2: É a porta principal, a que vai dar ao patio cuberto
Porta 3: É a porta que vai dar ao pavillón pola pasarela cuberta
Porta 4: É a porta de emerxencia do corredor de primaria.

029 (Aula desdobre)	Porta 2
---------------------	---------

PAVILLÓN
O alumnado que estea utilizando o pavillón sairá pola porta 6 (porta máis próxima ao centro polo corredor cuberto) a menos que o docente responsable indicase outra cousa

7) Orde de saída:

Seguirase a orde segundo o número de aula, é dicir, na planta alta, os primeiros en saír pola porta 5 serían os da aula 001, a continuación os da 002 etc.

8) Punto de encontro

- O alumnado quedará formando grupos tal e como saíra do centro co profesorado co que estivera nese momento, é dicir, en caso de optativas ou desdobres, o alumnado quedará co profesorado que lle estivera impartindo docencia.
- O alumnado estará formando unha ringleira.

A **distribución** será a seguinte:

- Infantil: Patio de infantil
- Primaria: de 1º a 6º por orde na pista en ringleiras empezando na parte máis próxima ao parque de infantil.
- Secundaria: A continuación de primaria, de 1º a 4º por orde de curso e grupo.

5. Simulacros

Realizarase un simulacro cada curso durante o mes de setembro. O simulacro realizarase en 2 niveis:

❖ Nivel 1:

- Cada titora ou titor, realizará unha evacuación durante os primeiros días de clase para que o alumnado saiba o percorrido que debe realizar e a porta de saída que lle corresponde.
- Cada docente que non dea clase na aula de referencia do alumnado, realizará unha evacuación co seu alumnado para que coñezan o percorrido e a porta de saída correspondente a esa ubicación.

❖ Nivel 2:

- Establecerase un día do mes de setembro para a realización dun simulacro de todo o centro. Na preparación do simulacro, deberase:
 - Enviar aviso ao 112 e ao Concello para evitar avisos de alarma por parte da veciñanza.
 - Solicitar a presenza de Protección Civil, e a ser posible dos bombeiros e da Cruz Vermella.

6. Análise do simulacro

Unha vez realizado o simulacro realizarase unha análise do mesmo que será enviado a inspección educativa:

O simulacro realizouse seguindo as instrucións		Si ☐	Non ☐
Participación do persoal	Boa ☐	Media ☐	Baixa ☐
Observacións			

TEMPOS REAIS DA EVACUACIÓN		
	Tempo controlado	Nº Alumnos evacuados
Planta baixa		
1ª Planta		
Total do centro		
Observacións		

RESPOSTA DO ALUMNADO		
Boa ☐	Mala ☐	Regular ☐
Observacións		

CAPACIDADE DAS VÍAS DE EVACUACIÓN	
Suficiente ☐	Insuficiente ☐
PRODUCÍRONSE INTERFERENCIAS NAS VÍAS DAS DIFERENTES PLANTAS	
Si ☐	Non ☐
Observacións	

PUNTOS OU ZONAS DE ESTREITAMENTO PERIGOSO	
Observacións	

VALORACIÓN DO FUNCIONAMENTO EFICAZ DOS MEDIOS DE EMERXENCIA			
Sistema de alarma	Bo ☐	Deficiente ☐	Non existe ☐
Alumeado de emerxencia	Bo ☐	Deficiente ☐	Non existe ☐
Escaleiras de emerxencia	Bo ☐	Deficiente ☐	Non existe ☐
Observacións			

OBSTÁCULOS ATOPADOS NAS VÍAS DE EVACUACIÓN	
Observacións	

INCIDENTES NON PREVISTOS	
Accidentes de persoas	
Danos no edificio	
Danos no mobiliario	
Observacións	

CONCLUSIÓN	
Balance xeral	
Propostas de mellora	

